

A todo o povo da Estrada

O principal obstáculo para a paz no mundo é a existéncia do imperialismo e as suas ánsias de manter dominado o planeta en beneficio de un puñado de bancos e monopólios. Para defenderen os seus intereses, os imperialistas establecen bases militares polos cinco continentes, como é o caso das bases norteamericanas existentes en território do Estado Español, incluída Galiza, por onde están espalladas unha serie de instalacións ao servizo dos iánquis (O Ferrol-A Graña, Estaca de Bares, Valdoviño, Barbanza, etc.). Outro instrumento do imperialismo norteamericano é, como sabemos ben, a OTAN, esa alianza para a guerra na que nos meteu o antigo Governo d'a UCD, sen facer caso da oposición popular.

Incluso o PSOE, daquela na oposición, se viu na necesidade de "criticar" no Parlamento a entrada na OTAN, chegando a xurar e perxurar que se gañaba as eleicións convocaría un referendo para consultar o povo.

Hoxe as cousas mudaron e o PSOE, que antes na oposición dicía "de entrada non", agora no Governo di "de saída tampouco" e mete-se coa maior decisión pola via pró-imperialista e militarista, esquecendo-se incluso da sua promesa de referendo sobre a OTAN.

Tamén "esqueceu" o dos 800.000 postos de traballo e debe pensar que a xente en paro pode esperar, que iso non ten tanta importáncia como comprar novos avións de combate e modernizar as Forzas Armadas con uns cantos BILLONS de pesetas.

Pero coa nosa participación no Movimento pola Paz e Anti-OTAN, coa nosa leita antimilitarista, é seguro que obligaremos o Governo a convocar o Referendo no que todas e todos votaremos:

-OTAN NON, BASES FORA!

ESIXAMOS DO GOVERNO UN REFERENDO CLARO XÁ!
Comité Anti-OTAN da Estrada-Setembro de 1984